



## 2 | Feijóo salienta o compromiso da Xunta coas familias cun incremento, nos últimos cinco anos, do 60% das prazas de escolas infantís


Salienta que na actualidade hai 8.800 prazas de escolas infantís e incide no traballo que o Executivo autonómico está realizando nesta materia a través do reforzo da rede autonómica de escolas infantís A Galiña Azul

## 5 | Mato reafirma o “compromiso inquebrantable” da Xunta coa discapacidade á que este ano se destinan 97 millóns de euros

## 6 | Feijóo propón que os factores demográficos como o envellecemento teñan un maior peso na programación de fondos europeos

## 12 | Informe do paro rexistrado

Galicia pecha o mes de setembro cun total de 238.203 persoas desempregadas



## 16 | Publicacións

Catálogo de publicacións na web



### Sumario

Política social	2-9	Xuventude e voluntariado	14-15
Traballo	10-13	Publicacións	16-18
Informe do paro rexistrado	12-13	Normativa	19-28

### Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar  
 Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas  
 Coordinación: Pepa Dabán Royo  
 Maquetación: Antonio Lameiro Ces  
 ISSN: 2254-7835



## Feijóo salienta o compromiso da Xunta coas familias cun incremento, nos últimos cinco anos, do 60% das prazas de escolas infantís

► Salienta que na actualidade hai 8.800 prazas de escolas infantís e incide no traballo que o Executivo autonómico está realizando nesta materia a través do reforzo da rede autonómica de escolas infantís A Galiña Azul

**Meira (Lugo), 22 de setembro de 2014.-** O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou o compromiso do Goberno galego coas familias, cun incremento, nos últimos cinco anos, e a pesar da recesión económica, do 60% das prazas de escolas infantís na rede autonómica A Galiña Azul. Así o manifestou en Meira, durante a inauguración da escola infantil, a primeira da comarca, que ofertará 41 prazas e en cuxa construción se investiron preto de 470.000 euros, dos cales a Xunta achegou -a través de fondos Feder- 246.000 euros, máis do 50% do total.

Na súa intervención, o mandatario autonómico incidiu en que a

coordinación entre administracións resulta esencial para poder ofrecerlles ás galegas e aos galegos uns servizos de educación infantil eficientes que favorezan a conciliación e incidan directamente na consecución do equilibrio entre territorios.

“O Goberno está comprometido coas escolas infantís e os datos son suficientemente claros”, aseverou, logo de salientar que na actualidade hai 8.800 prazas de escolas infantís e incidir no traballo que o Executivo autonómico está a realizar nesta materia a través do reforzo da rede autonómica de escolas infantís A Galiña Azul.

No caso concreto da provincia de Lugo, Feijóo explicou que o

incremento supera o 40% na rede autonómica de A Galiña Azul; “e imos seguir traballando na provincia -avanzou-, con dous proxectos importantes: unha escola infantil en Burela, con máis de 40 prazas, e estamos buscando un emprazamento axeitado para facer unha escola infantil de Lugo, con preto de 90 prazas, a través do convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega”.

“En definitiva, un 60% máis de prazas de escolas infantís da rede autonómica en Galicia que responde ao compromiso desde as administracións públicas co Plan demográfico da Comunidade autónoma e de facilitar aos pais e ás nais a posibilidade de ter un neno ben coidado e atendido”, afirmou despois de aludir a outras medidas de apoio.

### Outras medidas de apoio ás familias

A este respecto lembrou que este curso comezou a aplicarse a exención total de cota, a partir do segundo fillo matriculado na mesma escola infantil, para familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais. Xunto con isto destacou, tamén, o incremento en case un 30% do orzamentos dedicado ao cheque infantil neste 2014 para que os pais e as nais poidan levar ao seu fillo a unha escola infantil.

Así mesmo, lembrou que xa existe unha planificación de novos centros. Un deseño que inclúe 26 novas escolas infantís, que van supoñer, aproximadamente, “1.500 novas prazas que se engaden ás 8.800 que temos neste momento funcionando”.

## O novo curso na rede autonómica A Galiña Azul comeza con preto de 7.300 nenos matriculados

**Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2014.-** Arranca o novo curso en 145 centros da rede autonómica A Galiña Azul, aos que se incorporarán un total de 7.295 nenos e nenas. Unha nova escola infantil de Ferrol e unha das escolas de Foz, que está en obras, comezarán a súa actividade uns días máis tarde.

Como nos últimos anos, a oferta da rede vese unha vez máis incrementada en relación ao curso anterior. Ese incremento de prazas nun 1,5 por cento débese á apertura dunha nova escola infantil de 82 prazas en Ferrol, construída no marco dun convenio coa Fundación Amancio Ortega; á ampliación da escola infantil da Laracha, que tras a realización de obras de ampliación ao longo do verán pasa a ofertar 115 fronte ás 74 que tiña con anterioridade, e á adecuación dunha nova aula na escola infantil de Xinzo de Limia, que pasa a contar con seis unidades.

En total, a oferta 0-3 da Xunta neste curso 2014/2015 ascende a 8.783 prazas en 147 escolas

infantis. Por provincias, a oferta é de 3.420 prazas na Coruña, 940 en Lugo, 1.116 na provincia de Ourense e 3.307 en Pontevedra.

Ademais, á oferta autonómica súmanse outras 124 escolas municipais, 56 escolas dependentes de entidades de iniciativa social ou doutras entidades públicas e arredor de 1.000 prazas de cheque infantil, polo que máis de 19.200 familias poderán contar no curso 2014/2015 cunha praza 0-3 sostida con fondos públicos.

### Exención para o segundo fillo ou filla

Coa chegada do novo curso comeza tamén a aplicación da exención total de cota a partir do segundo fillo ou filla matriculado na mesma escola infantil para familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais. Tamén estarán exentos os menores con medidas administrativas de tutela ou garda en situación de acollemento familiar. Esta medida está recollida no Decreto 91/2014, do 17 de xullo, polo que se modifica o Decreto 49/2012 do 19 de xaneiro, polo

- Máis de 19.200 familias terán acceso a unha praza 0-3 sostida con fondos públicos
- Comeza a aplicación da exención total da cota a partir do segundo fillo ou filla que acuda á mesma escola infantil
- A oferta 0-3 da Xunta incrementábase nun 1,5 por cento de prazas con respecto ao curso pasado.

que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta.

A exención de cota a partir do segundo fillo ou filla forma parte do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, aprobado no Parlamento de Galicia o ano pasado co obxectivo de acadar a rexeneración demográfica de Galicia. Este documento recolle ata 69 medidas para actuar de maneira eficaz, sostible e coordinada mediante un conxunto de estratexias de carácter transversal para atallar o problema da demografía na Comunidade autónoma.

### Planificación

Ademais do incremento de prazas no comezo do actual curso, a planificación de novas prazas que está a executar a

Consellería de Traballo e Benestar inclúe un total de 26 novas escolas infantís e 1.552 prazas que están en distintas fases de execución.

Así, xa comezou a construción de novas escolas nos concellos de Ames, Boiro, Fene, Malpica, Muros, Oroso, Porto do Son, Touro, Tomiño e Salvaterra do Miño, e están noutras fases de tramitación as novas escolas de Oza-Cesuras, Pontedeume, Burela, O Carballiño, Verín, Marín, Pontearreas e Redondela.

Así mesmo, estase a executar o convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega para a construción de escolas infantís. A FAO vén de rematar as obras da escola de Melide e de comezar a construción dunha escola en Cambre, e no marco do mesmo convenio construírá outras seis escolas máis.

<http://www.escolasinfantisdegalicia.es/>

## Galicia pechou o primeiro semestre de 2014 cun total de 70 adopcións nacionais e internacionais realizadas

- ▶ Producíronse un total de 45 preasignacións de menores procedentes doutros países, ás que se sumaron os 25 autos de adopción nacional producidos neste período
- ▶ A maioría das adopcións internacionais tiveron lugar en China, Vietnam e Colombia, aínda que tamén se produciron noutros países como Etiopía e Filipinas
- ▶ O número de solicitudes rexistradas foi de 158 entre xaneiro e xuño de 2014.

### Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2014.-

Galicia pechou o primeiro semestre de 2014 cun total de 70 adopcións realizadas, se temos en conta as 45 preasignacións internacionais e os 25 autos de adopción nacional producidos. Ao longo do período, a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, recibiu un total de 158 solicitudes tanto para desenvolver adopcións nacionais como internacionais.

Por países, a maior parte das preasignacións internacionais corresponden a adopcións de nenos e nenas de China (11), Vietnam (9) e Colombia (8), seguidos de Etiopía e Filipinas, con 5. Tamén existen preasignacións procedentes de Hungría, Bulgaria e Burundi, con dúas; e O Salvador, con unha.

A preasignación de menores no ámbito internacional supón un dos últimos trámites para que a adopción sexa efectiva, xa que se produce cando o país de orixe asigna a un menor susceptible de ser adoptado e facilita toda a documentación coa información relativa ao neno ou nena, á Dirección Xeral de Familia e Inclusión ou á ECAI.

Estas últimas son as entidades colaboradoras de adopción internacional que sen ánimo de lucro e legalmente constituídas teñen nos seus estatutos como fin a protección de menores, así como a intermediación na adopción internacional, é dicir, as ECAI poñen en contacto os solicitantes cos organismos ou

institucións competentes para a adopción no país do que se trate.

Ademais das ECAI, os expedientes de adopción internacional tamén poden ser tramitados pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, se o país ao que se dirixe o expediente acepta esta forma de tramitación. Non obstante, a maioría dos países de orixe dos menores esixen que a tramitación se realice a través de ECAI.

Unha vez que chega a preasignación, tanto a familia como a Dirección Xeral, logo do informe do equipo de adopción, teñen que estar conformes coa preasignación para que se prosiga co expediente.

No caso de adopcións de nenos e nenas galegos, son os propios equipos de adopción da Consellería os que propoñen a

familia máis axeitada para cada neno que vai ser adoptado. Se tanto a familia como o neno (en función da súa idade) están de acordo, trasládase esta proposta ao xulgado para que este constitúa a adopción”.

### Requisitos

Con independencia do seu estado civil, calquera individuo, matrimonio ou parella de feito pode solicitar unha adopción. Para iso é necesario cumprir cos seguintes requisitos: ter como mínimo 25 anos (no caso de solicitude conxunta por cónxuxes ou parellas abondará con que un deles teña a devandita idade e, en todo caso, o que adopta deberá ter, polo menos, catorce anos máis que o adoptado); residir en Galicia; ter plena capacidade xurídica e de obrar; e ser declarado idóneo para a adopción logo do estudo psicolóxico e social que realizan os equipos de adopción da Consellería de Traballo e Benestar

Con carácter xeral só poden ser adoptados os menores non emancipados cando os seus pais fosen privados da patria potestade; cando os seus pais desen a súa conformidade para

a adopción (no caso de recién nados o consentimento da nai poderá prestarse ata que teñan transcorridos seis semanas desde o parto); e cando fosen abandonados.

No caso de nenos estranxeiros poderán ser adoptados aqueles que determine o xuíz ou autoridade administrativa competente en aplicación da súa propia normativa.

As persoas interesadas en adoptar un neno ou nena pódense dirixir ás xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar onde serán informados e asesorados sobre requisitos, documentos e os trámites que se esixen. Tamén poden atopar información no Portal galego de adopcións (<http://adopcions.xunta.es>)

Con carácter previo á presentación da solicitude é obrigatorio asistir a unha preparación impartida por técnicos de adopción da Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

A solicitude presentarse na Xefatura Territorial da Consellería correspondente ao seu domicilio e, no caso de adopción internacional, formularase para un país concreto.

<http://adopcions.xunta.es/>



## Mato reafirma o “compromiso inquebrantable” da Xunta coa discapacidade á que este ano se destinan 97 millóns de euros

- ▶ A titular do departamento autonómico destacou o apoio de todo o Goberno galego na atención á discapacidade, colectivo ao que este ano se destina case un 6 por cento máis que no exercicio anterior
- ▶ Puxo en valor o traballo e o esforzo das entidades de iniciativa social como Aspronaga

**Oleiros (A Coruña), 11 de setembro de 2014.-** A Consellería de Traballo e Benestar porá novas prazas de atención diúrna para persoas con discapacidade durante este ano, unha ampliación que se sumará ás máis de 700 prazas públicas que xa se tiñan creado desde 2009 para a atención a este colectivo.

Así o avanzou a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, durante a súa participación no acto de celebración do 25 aniversario do centro Ricardo Baró (Oleiros) de Aspronaga, durante o que tamén se inaugurou un novo vaso terapéutico nestas instalacións.

Esta actuación permitirá incrementar as preto de 5.000 prazas públicas de atención a persoas con discapacidade que existen actualmente en Galicia, cuxo mantemento supón un investimento de 50 millóns de euros anuais.

Esta iniciativa inscribese no “compromiso inquebrantable” do Goberno galego coas persoas con discapacidade, que “se segue a reforzar permanentemente”, asegurou Mato. De feito, o orzamento global destinado a este colectivo este ano acadará os 97 millóns de euros, preto dun 6 por cento máis que no exercicio anterior.

Con este orzamento, a Xunta traballa para ofrecer unha “atención de calidade, integral e personalizada”, que ten como principais obxectivos: “procurar unha integración plena, garantir o benestar e a calidade de vida, e acadar unha igualdade efectiva de dereitos e oportunidades para todos os galegos e galegas”.

Para conseguir estas metas, ademais da atención social a

través do mantemento de prazas públicas e outros programas, Mato destacou especialmente as medidas que unen discapacidade e integración laboral, que incrementaron o seu orzamento nun 8 por cento nesta partida específica, con respecto a 2013.

Ao tempo, tamén se dedican esforzos a mellorar e actualizar o marco legislativo. Entre outros avances, lembrou que o ano pasado se aprobou o decreto de atención temperá; que antes de que finalice este exercicio se aprobará o anteproxecto da nova Lei de accesibilidade; e que hai un ano entrou en vigor a nova Carteira de servizos de atención á dependencia, que establece un catálogo de recursos específicos para cada tipoloxía de discapacidade.

### Colaboración permanente

Durante a súa intervención, a conselleira puxo en valor que o departamento autonómico mantén unha “colaboración permanente e un diálogo aberto” coas entidades que traballan coa discapacidade, como é o caso de Aspronaga. Así, Mato eloxiou o “esforzo e traballo” desta organización e avogou por “aproveitar a experiencia que atesoura e aprender dela” co fin de mellorar a calidade de vida de todos os galegos e galegas.

A cooperación entre a Consellería e Aspronaga demostrouse nos case 18 millóns de euros que se ten investido nesta entidade, a través de distintas liñas, desde o ano 2009.

Por exemplo, só no concerto de prazas, estase a investir este ano un total de 3,25 millóns de euros para manter 270 prazas, das que 56 están situadas no centro Ricardo Baró.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na celebración do 25 aniversario do centro Ricardo Baró de Aspronaga



<http://aspronaga.blogspot.com/es/>



## Feijóo destaca que o compromiso en materia de dependencia permitiu incrementar o número de dependentes atendidos, de 14.000 a 38.000, e situar Galicia entre as comunidades que máis servizos creou neste eido nos últimos cinco anos



- ▶ Salienta o incremento do 45% no número de prazas para maiores en residencias, centros de día e centros de Alzheimer nos últimos cinco anos
- ▶ Canto ao apoio das persoas en risco de exclusión, Feijóo refírese ao deseño dunha normativa pioneira, a Lei de inclusión social vinculada ao emprego
- ▶ Subliña a redución no prezo das escolas infantís públicas e o incremento no número de prazas na rede da Xunta, un 60% máis que en 2009
- ▶ Subliña a relevancia que teñen as entidades sociais, "un modelo a seguir", di, por canto elas forman parte da solidariedade permanente da sociedade civil

**A Coruña, 3 de setembro de 2014.** - O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, salientou durante o acto de inauguración, na Coruña, da nova sede da Institución Benéfico Social Padre Rubinos, o compromiso do Executivo autonómico coa inclusión social, co coidado dos maiores e dos dependentes e coa conciliación da vida laboral e familiar unha aposta que, no caso concreto da dependencia, dixo, ten permitido que nos últimos cinco anos o número de dependentes atendidos diariamente se incrementase de 14.000 a 38.000 e que Galicia se sitúe entre as

comunidades que máis servizos creou neste eido, "estando cun 14% por riba da media de España en servizos á dependencia".

No que respecta ás políticas específicas destinadas aos maiores, o xefe do Executivo galego destacou que desde 2009 se crearon un 45% máis de prazas en residencias, centros de día e centros de Alzheimer, das que había á súa chegada ao Goberno.

Canto ao apoio das persoas en risco de exclusión, Feijóo referiuse ao deseño dunha normativa pioneira, a Lei de inclusión social vinculada ao emprego, un marco legal que articula unha nova

RISGA con tres tramos diferenciados que incentivan e estimulan o traxecto cara á inserción sociolaboral.

Así mesmo, subliñou o incremento en 2014 do orzamento dedicado á inclusión, o que supón un 13% máis que no exercicio anterior. Só para a RISGA, precisou, "temos presupostados un 30% máis que no orzamento inicial de 2013".

Ademais, o Goberno galego aumentou o orzamento da orde de axudas destinadas ás entidades que traballan cos máis desfavorecidos un 14% máis que o pasado ano.

No tocante á provincia da Coruña, o orzamento da Xunta en materia de inclusión en 2014 é un 15% máis que en 2013.

Consciente do problema do envellecemento da poboación, Feijóo referiuse tamén ao esforzo do Goberno galego para incrementar o número de prazas de escolas infantís: primeiro, abaratando o prezo, tendo en conta as rendas; eximindo do pago a partir do segundo fillo ás familias que o necesitan en función da renda; e terceiro, incrementando o número de prazas.

Sobre este último aspecto, o presidente da Xunta lembrou un incremento de prazas do 60% desde 2009.

Só na provincia da Coruña a oferta se incrementou un 90%. O mandatario galego lembrou, ademais, que actualmente están en planificación 15 novas escolas infantís na provincia, das cales 5 se están facendo grazas aos convenios asinados entre a Consellería de Trabajo e Benestar e a Fundación Amancio Ortega.

### Importancia da colaboración entre administracións e entidades sociais

Feijóo incidiu en que estes tres eixes fundamentais de actuación do Goberno galego – atención aos colectivos en risco de exclusión, coidado dos maiores e dos dependentes e aposta pola conciliación- son tamén os tres eidos nos que se centran os servizos que a Institución Benéfico Social Padre Rubinos prestará na súa nova sede.

Unhas instalacións que contan cunha residencia e centro de día para maiores, para dar



servizo a máis de 180 persoas; cunha escola infantil con preto de 100 prazas; e cun albergue para persoas con necesidade, con capacidade para 200 usuarios. Trátase de máis de 15.800 metros cadrados e dunhas instalacións

modernas e de calidade que supuxeron un investimento de 25 millóns de euros.

O presidente galego non quixo rematar a súa intervención sen destacar a relevancia que teñen as entidades sociais, "un

modelo a seguir", dixo, por canto elas forman parte da solidariedade permanente da sociedade civil. Nesta liña, resaltou a importancia da colaboración entre as entidades de iniciativa social –como a Fundación Amancio

Ortega e Padre Rubinos- e as distintas administracións en aras de ofrecer os mellores servizos aos cidadáns galegos e de cara a construír xuntos unha Galicia inclusiva e integradora; unha Galicia de todos e para todos.

## Benestar financia un total de 88 prazas concertadas nos distintos centros de ADCOR na Coruña

- ▶ O departamento destina a este fin case 790.000 euros, case un 25 por cento máis que no exercicio anterior

**A Coruña, 23 de setembro de 2014.** - A Consellería de Trabajo e Benestar financia un total de 88 prazas concertadas –das que 10, de tipoloxía residencial, foron incorporadas este ano- nos distintos centros de atención á discapacidade intelectual que mantén a asociación ADCOR na Coruña. Para este fin, destina case 790.000 euros ao ano, case un 25 por cento máis que no exercicio anterior.

A titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, visitou

hoxe esta fundación, que traballa na atención integral personalizada ao colectivo de persoas adultas con discapacidade intelectual.

Para colaborar neste labor, e enmarcado no compromiso do Goberno galego da atención á discapacidade, a área de Benestar mantén concertos de prazas nos centros que xestiona esta fundación.

A nivel autonómico, a Xunta mantén preto de 5.000 prazas públicas de atención a persoas con discapacidade en toda Galicia, cuxo mantemento supón un investimento de 50 millóns de euros anuais.

En total, a Consellería destina este ano 97 millóns de euros á

atención á discapacidade, un 6 por cento máis que no exercicio anterior, sempre co obxectivo de "procurar unha integración plena, unha mellor calidade de vida, e unha igualdade efectiva".

Ademais do esforzo orzamentario, tamén se está traballando en actualizar o marco legislativo na área. Así, o ano pasado aprobouse o decreto de atención temperá; hai tamén un ano entrou en vigor a nova carteira de servizos de atención á dependencia, que establece recursos específicos para cada tipoloxía de discapacidade; e actualmente estase tramitando o anteproxecto da nova Lei de accesibilidade, que se prevé que estea aprobado antes de que finalice o exercicio;

<http://www.adcor.org/>

fundación  adcor

## Feijóo propón que os factores demográficos como o envellecemento teñan un maior peso na programación de fondos europeos



- Lembra que Europa é hoxe o territorio máis envellecido do mundo, cunha idade media superior aos 40 anos, e incide en que cun envellecemento da poboación hai moito máis gasto social, máis gasto sanitario e máis gasto en servizos sociais, o que supón unha diminución da capacidade de xerar ingresos

**Bruxelas, 9 de setembro de 2014.**- O presidente da Xunta propuxo durante a súa participación en Bruxelas, no VI Foro da Cohesión "Promoción do desenvolvemento e o bo goberno nas rexións e cidades da UE", que os factores demográficos como o envellecemento teñan un maior peso "neste período e na próxima programación de fondos europeos".

"Ademais dos retos económicos, de crecemento e emprego, Europa ten que enfrontarse ao reto demográfico. Europa é hoxe o territorio máis envellecido do mundo, cunha idade media superior aos 40 anos, sendo a idade media dun alemán, por exemplo, superior aos 44 anos", aseverou. Incidiu en que cun envellecemento da poboación hai moito máis gasto social, máis gasto sanitario e máis gasto en servizos sociais, o que supón unha diminución da capacidade de xerar ingresos, "posto que unha poboación envellecida consume moita máis sanidade, máis servizos sociais e máis pensións".

Nesta liña, tras destacar que os graves problemas de

envellecemento da poboación afectan a rexións de diferentes países de Europa como Francia, Alemaña, Dinamarca, Irlanda e España, Feijóo lembrou que o País Vasco e Galicia están dentro dun grupo de rexións que están a estudar o envellecemento da poboación en Europa. "Estamos a facer unha serie de propostas para dinamizar o medio rural, para presentar unha vida saudable e buscar crecemento a través do emprego. En definitiva, focalizar os fondos para atallar un problema que se está estendendo como unha mancha de aceite que é que os europeos cada ano somos máis vellos, cun número de nacementos en relación co número de mortes invertido. E, unha pirámide de poboación invertida non é futuro e Europa ten que seguir sendo un lugar de futuro", manifestou ao respecto.

### Cofinanciamento "garantido" nos Orzamentos de 2015

O mandatario galego tamén avanzou que no anteproxecto de orzamentos no que está traballando a Xunta para o vindeiro ano, 2015, "o cofinanciamento de

todos os fondos europeos quedará garantido". A este respecto, lembrou que Galicia mantivo algo que, recoñeceu, "non foi fácil": a posibilidade de cofinanciar cada proxecto cun 80% de fondos europeos o que, segundo explicou, "soamente se deixa ás rexións que non chegaron ao 90% de renda per cápita". "No noso caso estamos por enriba desa porcentaxe, non ostante, mantemos ese privilexio de tan só ter que cofinanciar con fondos propios o 20% do total do investimento". Polo tanto, abundou, "é prioritario, nos orzamentos de 2015, garantir o cofinanciamento de todas as iniciativas financiadas con fondos europeos".

### Novo período 2014-2020

De cara ao novo período, 2014-2020, Feijóo destacou que Galicia xa é unha rexión desenvolvida. "Superamos o 90% da renda per cápita en termos de PIB e, polo tanto, xa demos o salto a unha rexión desenvolvida", aseverou, ao que precisou que "a pesar diso, conseguimos manter o 80% dos fondos, e temos aínda 4.000 millóns de euros ata o ano 2020".

Ante este panorama, o responsable autonómico avanzou catro obxectivos prioritarios, baseados todos nun: políticas de crecemento e de emprego. "Imos investir o 60% dos fondos en innovación, en tecnoloxía, en pequena e mediana empresa e en medio ambiente. Estes son os obxectivos básicos nos que imos seguir impulsando as políticas, xa non para facer infraestruturas, si para facer fincapé na consecución dos obxectivos básicos, que é o crecemento e o emprego, e para iso entendemos que a innovación, a tecnoloxía, o apoio á pequena e mediana empresa e tamén o medio ambiente son catro vectores fundamentais", aseverou.

### Rigor na xestión e seleccionar correctamente os obxectivos

O titular da Xunta agradeceu novamente á Comisión Europea "a invitación cursada a Galicia como único territorio do conxunto de España para estar presente neste foro".

Subliñou que para Galicia foi clave a política de cohesión que se vén desenvolvendo na Unión Europea. Non en van, desde 1986 ata o ano 2013, a comunidade recibiu 19.000 millóns de euros. "Isto permitiunos, claramente, a modernización do noso territorio, a modernización das nosas infraestruturas, a modernización dos portos, das estradas, os saneamentos ou o abastecemento de augas; tamén as axudas ás pemes, a creación de emprego... Poderíamos dicir que con eses 19.000 millóns, Galicia creceu ao redor de medio punto máis de PIB cada ano, e neste último período medramos 3 décimas de PIB máis cada ano", aseverou, logo de referirse, tamén, á creación aproximadamente de 18.000 empregos e ao investimento en infraestruturas.

O presidente da Xunta lembrou que Galicia era un dos territorios máis periféricos de Europa e hoxe é un dos territorios, desde o punto de vista da alta capacidade, de estradas, de redes de saneamento e abastecemento de auga; e tamén desde o punto de vista de plataformas loxísticas, de polígonos industriais e de instalacións portuarias, "unha rexión europea que está por enriba da media do resto de rexións europeas".

Así mesmo, precisou que esa política exige rigor na xestión dos fondos e seleccionar correctamente os obxectivos deses fondos, "e creo que por iso Galicia está hoxe aquí, sendo unha das rexións que mellor xestionou os fondos durante todo o seu período de vixencia", concluíu.

## Benestar promove a loita contra o alzhéimer a través da atención de calidade e a prevención

- A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou a exposición '15 anos de esforzo compartido', organizada pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL)
- No eido da prevención, cóntase por primeira vez coa 'Estratexia de prevención e detección precoz da dependencia 2013-2016, horizonte 2020', que recolle preto de 400 medidas concretas

**Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2014.**- A Consellería de Trabajo e Benestar mantén unha firme aposta na loita contra o alzhéimer, baseada en dous eixos fundamentais: a prevención e a atención de calidade.

A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago a exposición '15 anos de esforzo compartido', organizada pola Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (FAGAL), e con motivo da celebración do Día mundial desta enfermidade, baixo o lema 'Solidarios co alzhéimer'.

A titular de Benestar indicou que esta loita necesita un compromiso conxunto dos enfermos, as familias e a sociedade en xeral. En canto á Xunta, no eido da prevención, o obxectivo pasa por aumentar a esperanza de vida libre de dependencia dos galegos e galegas. Para iso cóntase por primeira vez coa 'Estratexia de prevención e detección precoz da dependencia 2013-2016, horizonte 2020'. O documento recolle preto de 400 medidas concretas e vai marcar a folia de ruta das

políticas de prevención en Galicia durante os próximos anos.

Segundo explicou Mato, "a estratexia aposta por anticiparse á presenza do problema e, polo tanto, actuar sobre os factores que poden ocasionalo e tomar as medidas necesarias para evitalos". Para que isto sexa unha realidade, estase a traballar en aspectos como a promoción da autonomía persoal; o envellecemento activo; a aplicación das novas tecnoloxías ás políticas de prevención; unha coordinación total coa Consellería de Sanidade, elaborando instrumentos tan importantes como a Estratexia de atención integral á cronicidade; ou a colaboración con outras rexións no marco de programas europeos.

Doutra banda, cómpre destacar a necesidade de prestar unha atención de calidade ás persoas que padecen alzhéimer baseada na eficiencia. Neste sentido, Beatriz Mato referiuse á Carteira de servizos para as persoas con dependencia, posta en marcha a finais do pasado ano e que permite que cada usuario acceda aos servizos que realmente precisa.

Ademais, conta cunha carteira específica deseñada para o colectivo de persoas enfermas de alzhéimer que define servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, axuda a domicilio, e atención diúrna, nocturna e residencial, especialmente dirixidos a estas persoas.

Así mesmo, Mato tamén se referiu á especialización coa que conta a Rede de centros de alzhéimer de Galicia, que abrangue 13 centros na actualidade, un total de 412 prazas públicas, o 43% delas creadas por este Goberno nos últimos cinco anos.



<http://fagal.org/>



FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS

Galego  
Español

Nome de usuario:

Contraseña:

Iniciar sesión  
Cancelar nova contraseña

## O ISSGA avoga polo traballo conxunto da Administración, as empresas e os empregados na prevención de riscos laborais

- ▶ A responsable do ISSGA referiuse á “cadea de prevención” que supón a posta en marcha, por parte da empresa principal, dun plan de prevención que deben seguir as auxiliares, así como a necesidade de observar a coordinación entre elas para evitar accidentes
- ▶ Esta semana conta coa presenza activa por parte do ISSGA, tanto a través do stand; así como con relatorios sobre seguridade no mar, o sistema de xestión en empresas e seguridade en traballos forestais e agrícolas
- ▶ Por último, Quinzá-Torroja indicou que tamén haberá un espazo dedicado aos nenos e nenas no que se repartirá a Guía sobre seguridade viaria’.

**Xove (Lugo), 23 de setembro de 2014.**- A directora do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja, destacou a importancia de que a Administración, as empresas e os empregados traballen conxuntamente na prevención de riscos laborais.

Quinzá-Torroja inaugurou a ‘VIII Semana Galega de Seguridade na Mariña’ en Xove e, na súa intervención, explicou que “para que sexa real e efectiva a adquisición de hábitos seguros de traballo en todo momento é

preciso que a empresa dea as instrucións precisas e poña á disposición os equipos de protección, así como a información sobre o posto de traballo; que os representantes dos traballadores asuman eficazmente o seu papel neste ámbito; e que os empregados e empregadas cumpran as instrucións recibidas, utilicen correctamente os equipos e asuman que deben ser protagonistas do seu dereito a un traballo seguro”.

Para a directora do ISSGA, a organización desta semana

durante oito anos “coloca á Mariña como modelo a seguir na promoción e na difusión da cultura preventiva no traballo”. “Con esta actividade amósase un tecido empresarial que, coa intervención das organizacións sindicais e dos traballadores e traballadoras, asume como obriga o dereito indiscutible á seguridade e saúde laboral”, indicou Quinzá-Torroja.

Neste sentido, a responsable do ISSGA referiuse á “cadea de prevención” que supón a posta en marcha, por parte da empresa principal, dun plan de prevención

que deben seguir as auxiliares, así como a necesidade de observar a coordinación entre elas para evitar accidentes.

Esta semana conta coa presenza activa por parte do ISSGA, tanto a través do stand no que se pode acadar material informativo e formativo nos áreas de industria, forestal e do mar; así como con relatorios sobre seguridade no mar, o sistema de xestión en empresas e seguridade en traballos forestais e agrícolas.

Por último, Quinzá-Torroja indicou que tamén haberá un espazo dedicado aos nenos e nenas no que se repartirá a Guía sobre Seguridade viaria que o ISSGA elaborou como material para a súa Escola de Prevención. Esta ten como misión inculcar o valor de anticiparnos para evitar que os riscos se convertan en sinistros.

## A sinistralidade laboral rexistrou en agosto un total de 1.655 accidentes laborais

- ▶ Os accidentes diminuíron neste período na construción, nun 13,87%, e na industria, nun 6,96%
- ▶ O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, diminuíu un 0,58% en agosto deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior.

**Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2014.**- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en agosto de 2014 aumentou un 0,24%. Neste mes rexistráronse 1.655 accidentes fronte aos 1.651 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 1.624 foron accidentes leves, 29 graves e 2 mortais.

O comportamento dos sectores non foi uniforme, diminuíron os accidentes: na construción nun 13,87% e na industria nun 6,96%. Os accidentes aumentaron: na pesca nun 4,60%, nos servizos nun 6,97%, e na agricultura nun 12,09%,

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, diminuíu un 0,58% en agosto deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, as diminucións foron: na construción do 13,46% e na industria do 5,44%. Nos demais sectores, os aumentos foron: nos servizos nun 5,04%, na pesca nun 7,67% e na agricultura nun 14,51%.

Doutra banda, a sinistralidade laboral aumentou un 1,93% nos

primeiros oito meses do ano, cun total de 14.659 accidentes laborais fronte aos 14.381 no mesmo período do ano 2013.

Agás en Pontevedra, este aumento dos accidentes laborais deuse en todas as provincias. Aumentaron os accidentes: na Coruña nunha porcentaxe do 7,05%, en Lugo nun 3,87% e en Ourense nun 2,04%. Os accidentes diminuíron en Pontevedra nun 5,74%.

<http://issga.xunta.es/portal/index.html>



## Mato defende a necesidade de vincular a formación ás necesidades do mercado laboral e aos xacementos de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou nunha mesa redonda sobre políticas para o emprego organizadas polo IE Business School
- ▶ O Goberno galego está a dar un pulo á certificación profesional, o que permitiu acreditar a preto de 38.000 traballadores desde 2009

**Madrid, 30 de setembro de 2014.**- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, defendeu hoxe a necesidade de vincular a formación ás necesidades do mercado laboral e, máis en concreto, aos “xacementos de emprego que existen, non só a nivel autonómico, senón tamén a nivel comarcal e local”.

Así o destacou durante a súa participación en Madrid nunha mesa redonda sobre políticas para o emprego, organizada polo IE Business School e presidida pola ministra de Emprego, Fátima Báñez, onde Galicia foi invitada por ser das mellores comunidades na aplicación de políticas activas de emprego.

Neste sentido, é preciso destacar que desde hai un ano unha parte dos fondos de emprego distribúense tendo en conta o cumprimento dos obxectivos. Isto permitiu que, grazas a esforzo de xestión do Goberno autonómico, Galicia reciba este ano un 0,3 por cento máis que a media nacional trala aplicación deste criterio.

Á hora de vincular a formación ao mercado laboral, Mato puxo como exemplo a atención socio sanitaria a persoas dependentes que, ademais, permite aproveitar a “sinerxía derivada de unir nun mesmo departamento as competencias de emprego e benestar”. Estes programas formativos están chegando a un 70 por cento de inserción no caso dos obradoiros de emprego.

Por outra banda, destacou tamén a experiencia formativa que se está desenvolvendo con preto de 600 desempregados do naval de Vigo e Ferrol. O obxectivo é capacitar aos traballadores

para que dean respostas ás necesidades derivadas da alianza estratéxica da Xunta con Pemex.

Estes cursos permitirán aos seus participantes recibir a homologación internacional necesaria para traballar coas estaleiros e as empresas auxiliares do naval. Estas actividades estanse realizando en colaboración coa patronal do sector de metal de Galicia (ASIME), co fin de poder coñecer “de primeira man” as necesidades das empresas”.

### Certificación profesional

Unha das principais apostas do departamento autonómico é tamén a certificación profesional. Desde 2009, a Consellería ten expedido preto de 38.000 certificados de profesionalidade a outros tanto traballadores galegos. En concreto, esta acreditación desenvolveuse a través de dúas vías fundamentais: os cursos de formación vinculados a certificados; e o proceso de recoñecemento da experiencia profesional.

<http://traballo.xunta.es/portada-certificados-de-profesionalidade>



No que se refire aos cursos de formación, recordou que en 2009 só o 45% das actividades formativas estaban vinculadas a un certificado de profesionalidade. En 2012, conseguíuse aumentar esa cifra ata o 65%,



situando a Galicia “á cabeza de todas as autonomías”. Actualmente, practicamente o 100 por cento dos cursos financiados pola Xunta son certificables. En total, desde 2009, expedíronse case 34.000 certificados a través desta vía,

A estes 34.000, hai que sumar os preto de 4.000 que se concederon a través do recoñecemento da experiencia profesional. De feito, ese foi un dos primeiros acordos do diálogo social en 2010. E tamén é a liña de traballo que se está seguindo agora para consensuar a implantación en Galicia do programa YEI (Youth Employment Initiative), financiada con fondos europeos.

En definitiva, e xa para rematar, concluíu que o Goberno galego seguirá traballando para ofrecer “aos traballadores, e especialmente aos desempregados, as máximas oportunidades de acceder ao mercado laboral”.

## Informe do paro rexistrado

### Galicia pecha o mes de setembro cun total de 238.203 persoas desempregadas

